

INFORMEST

NÚMERO 4. NOVIEMBRE 1995

BOLETÍN INFORMATIVO DA SOCIEDADE GALEGA PARA A PROMOCIÓN DA ESTATÍSTICA E DA INVESTIGACIÓN DE OPERACIÓNS

Director: Manuel A. Presedo Quindimil. **Domicilio Social:** Departamento de Estadística e Investigación Operativa. Facultade de Matemáticas. Campus Universitario Sur. 15771 Santiago de Compostela. Dep. Legal LU-191-1995

Imprime: El Progreso Artes Gráficas

EDITORIAL

Na SGPEIO tuvemos noticia da existencia dun código ético elaborado polo Instituto Internacional de Estadística (ISI) para a profesión estatística, polo que decidimos poñernos en contacto cos responsables do devandito Instituto co propósito de solicitarlles o permiso para a traducción e posterior publicación en galego de dito código.

O ISI mostrouse moi receptivo a nosa proposta e xunto coa autorización solicitada remitiunos copias en inglés e francés do texto da Declaración adoptada polo Instituto no ano 1985, comprometéndose a SGPEIO a facilitarlle ó Instituto unha copia da traducción o galego.

Así, xunto co número anterior de INFORMEST, remitímosvos un anuncio solicitando a vosa colaboración para a traducción da Declaración do ISI, ó cal nos respostou a compañeira María del Carmen González Varela ofrecéndose para a realización da mesma.

O resultado do traballo de traducción realizado por María del Carmen, a quen agradecemos o interese e dedicación prestados a esta colaboración, constitúe a parte central da información presentada neste número. Ó longo do texto deste código deontolóxico poderase atopar unha orientación para o comportamento do estatístico ante algúns conflitos que poideran xurdir na práctica da Estatística.

O boletín complétase coa información incluída nas seccións xa habituais de INFORMEST.

SUMARIO

Editorial	1
Instituto Internacional de Estadística. Declaración sobre ética profesional.....	2
Novas da Sociedade.....	16
Resumo dos acordos dos Consellos Executivos.....	16
Breves.....	16
Novas dos membros da Sociedade..	17
Altas na Sociedade.....	17
Novas do Instituto Galego de Estatística.....	17
Visitas de investigadores.....	16
Información de congresos, cursos e seminarios.....	19

Instituto Internacional de Estadística

Declaración sobre ética profesional

Aceptado: agosto, 1985

Traducción de María del Carmen González Varela

Nota precedente

O compromiso do Instituto Internacional de Estadística (*International Statistical Institute, ISI*) de establecer unha declaración sobre ética profesional prolongouse por sete anos. O Departamento do Instituto, en resposta ás peticións dos seus membros e a unha proposta do Comité do Instituto para Futuras Directrices, estableceu un Comité para un Código Ético para Estadísticos, en 1979, durante a 42ª sesión do ISI en Manila. O comité traballou para preparar unha reunión plenaria na subseguinte sesión de Bos Aires en 1981 durante a cal se desenvolveu un consenso a favor da confección dun código: o "código" debería estar listo para aceptación polo Instituto durante a celebración do seu centenario en 1985.

O comité estaba composto por Roger Jowell (presidente), W. Edwards Deming, Arno Donda, Helmut V. Musham e Edmund Rapaport, e posteriormente cooptou a Edmundo Berumen-Torres, Gilbert Motseme e René Padieu.

A Declaración que xurdiu é a resulta dun extenso proceso de redacción e corrección, de consulta coa totalidade dos membros do ISI, de reunións abertas e consultas por escrito que aconteceron entre decembro de 1981 e agosto de 1985. A redacción da Declaración provocou moito interese e verdadeiro debate que continuaron na se-

mana previa á súa presentación perante a Asemblea Xeral do Instituto para aprobación.

Despois da debida consideración e deliberación a Asemblea Xeral adoptou a seguinte resolución no 21 de agosto de 1985:

"A Asemblea Xeral do Instituto Internacional de Estadística,

- a) *recoñecendo* que a intención da Declaración sobre Ética Profesional para Estadísticos é documentar valores e experiencia profesionais compartidos como medio de proporcionar orientación máis ben ca regulamento,

adopta a Declaración coma unha afirmación da preocupación dos seus membros por eses asuntos e da súa resolución a promover coñecemento da ética profesional e interese por esta entre estadísticos do mundo enteiro;

- b) *determina* envía-la Declaración a todos os membros do ISI e as súas seccións e espallala, segundo conveña, entre a profesión estatística.

- c) *eloxia* ó Comité responsable do desenvolvemento da Declaración polo seu traballo minucioso, eficiente e acertado ó longo dos últimos cinco anos".

De acordo co espírito e a letra da resolución o Instituto Internacional de Estadística ten o privilexio de presentar ó lector a Declaración do ISI sobre Ética Profesional coa esperanza e o conveemento de que este documento axudará a colegas de todo o mundo na procura dos seus obxectivos e responsabilidades profesionais.

Preámbulo

Os estadísticos traballan no medio dunha variedade de marcos económicos, culturais, legais e políticos cada un dos cales inflúe na énfase e enfoque da investigación estatística. Tamén traballan nunha de varias ramas diferentes da súa disciplina, cada unha requirindo as súas propias técnicas e procedementos e o seu propio achegamento ético.

Moitos estadísticos traballan en campos coma

a economía, psicoloxía, socioloxía, medicina, nos que os seus facultativos teñen conviccións éticas que poden influir na conducta dos estatísticos nos seus campos. Mesmo a través dos mesmos marco e rama da estatística, os individuos poden ter distintos preceptos morais que guíen o seu traballo. Daquela, ningunha declaración podería impoñer con éxito un conxunto rixido de normas ás cales esperar que os estatísticos se cingan, e este documento non intenta facer tal.

A meta desta Declaración é capacita-los xui-zos e decisións éticas individuais do estatístico para seren inspirados por experiencia e valores compartidos, mellor que impostos pola profesión. Polo tanto a Declaración busca documentar principios do estudo estatístico amplamente sostidos e identifica-los factores que obstrúan a súa posta en práctica. Está encadrado no recoñecemento de que en ocasións a aplicación dun principio impide a aplicación doutro, de que os estatísticos -de común xeito con outros grupos profesionais- teñen obrigas contrapostas que non se poden cumprir todas simultaneamente. Daquela, ás veces terán que facerse eleccións implícitas ou explícitas entre principios. A Declaración non pretende resolver esas eleccións nin asignar maior prioridade a un dos seus principios cá outro. En troques ofrece un marco de traballo no que o estatístico escrupuloso debería, na maior parte, poder traballar comodamente. Onde se contemplan saídas do marco de principios, estas deberían se-la resulta da deliberación máis ca da ignorancia.

A primeira intención da Declaración é así ser inspiradora e descritiva mellor que autoritaria ou prescritiva. En segundo lugar, está deseñada para ser aplicable na medida en que sexa posible a diferentes áreas da metodoloxía e aplicación estatística. Por esta razón as súas disposicións están redactadas en termos bastante xerais. Terceiro, aínda que os principios están encadrados de xeito que teñan máis ampla aplicación a decisións cós asuntos que menciona especificamente, a Declaración non é de ningún modo exhaustiva. Está deseñada no coñecemento de que precisará actualización e rectificación periódicas. Cuarto, nin os principios nin os comentarios están vinculados con regras ou normas xerais escritas ou non coma a conformidade coa lei ou as tocantes á honradez. A Declaración limítase, no posible, ás cuestións específicas da investigación estatística.

O texto está dividido en catro seccións, cada unha das cales contén principios ou conxuntos de principios seguidos de breves comentarios sobre os conflitos e dificultades inherentes á súa aplicación. Os principios están interrelacionados e polo tanto teñen que seren considerados xuntos; a

orde da súa presentación non debería ser tomada coma unha orde de prioridade.

Ó final de cada sección, coma aquí, proporciónase unha bibliografía con breves notas para aqueles que desexen proseguir nas cuestións ou consultar textos máis detallados.

Bibliografía xeral

Sjoberg (1967) aínda que hoxe dalgún xeito anticuado proporciona bos antecedentes históricos. Freund (1969) está escrito baixo a sombra do paradigma biomédico, pero inclúe unha vigorosa afirmación de Margaret Mead sobre as diferencias, na dimensión ética, entre investigación biomédica e das ciencias sociais. Diener & Crandall (1978) é unha discusión xeral, particularmente útil no referente a experimentos de campo. Reynolds (1982) (que é unha versión condensada e actualizada de Reynolds (1979)) é un texto escrito con claridade dirixido principalmente ós estudantes da universidade norteamericana. Bulmer (1979) contén artigos reimpresos e novos sobre investigación con enquisas e elaboración de censos en Gran Bretaña e América. Barnes (1980) é un intento de analizar socioloxicamente por que a ética chegou a ser un problema e ten unha completa bibliografía do traballo ata 1978. Bower e Gasparis (1978) presenta unha recompilación de traballos publicados entre 1965 e 1976, con comentarios. Bulmer (1982) recolle unha completa bibliografía sobre estudos de simulación e outras materias relacionadas. Jowell (1983) defende un código educativo, máis ca normativo ou xurídico, e dá unha bibliografía sobre moitos puntos de especial interese para os estatísticos. Burgess (1984) céntrase na investigación etnográfica levada a cabo por sociólogos británicos. Barnes (1984) sostén que os compromisos éticos son inevitables na investigación social. Outras tentativas de acadar un código ético para os estatísticos: un primeiro intento (Deming 1972) é froito do traballo do Comité para Estudiar os Problemas sobre a Ética Profesional creado polo ISI en 1969, que trata esencialmente sobre as relacións entre os asesores estatísticos e os seus clientes. Outra tentativa (ASA 1980) é obxecto de discusión entre 16 autores no "Ethical Guidelines for Statistical Practice: Historical Perspective", Ponencia e Discusión na ASA do Comité ad hoc sobre Ética Profesional (ASA 1983). Máis recentemente, os estatísticos franceses do sector público elaboraron e adoptaron un

código deontolóxico (AIS 1984). De maneira semellante, o Servicio Nacional Británico de Estadística desenvolveu o seu propio Código de Práctica (GSS 1984).

1 Obrigas coa sociedade

1.1 Considerando intereses en conflito

A investigación estatística baséase na crenza de que un maior acceso á información ben fundada é beneficioso para a sociedade. O feito de que a información estatística pode estar mal interpretada ou mal usada, ou de que seu impacto poder ser diferente en grupos diferentes, non é de seu un argumento convincente contra a súa recollida e difusión. Nembargante, o estatístico debería considera-las posibles consecuencias de recoller e difundir tipos variados de datos e debería coidarse dos predicibles malos usos e interpretacións.

Non existen pautas ou unha fórmula xenérica para xulga-los riscos ou os beneficios verosímiles de varios tipos de estudio estatístico. Nembargante, o estatístico ten que ser sensible ás posibles consecuencias do seu traballo (véxase cláusula 4.4), no coñecemento de que o dereito da sociedade a saber das súas características colectivas loita ás veces co dereito individual a protexe-la intimidade.

Toda información, tanto se é recollida sistematicamente coma se non, é susceptible de mal uso. E ningunha información está baldeira de posible dano ós intereses doutro. Os individuos poder ser prexudicados pola súa participación nas enquisas estatísticas (véxase cláusula 4.4), ou poden danarse con certos descubrimentos os intereses do grupo. Un barrio en particular pode, por exemplo, ser estereotipado negativamente por unha enquisa estatística que atope que contén unha incidencia moi alta de crime. O interese dun grupo pode ser tamén danado por unha acción social ou política baseada en descubrimentos estatísticos. Por exemplo, a maior cobertura policial dun barrio no que se atopase alta criminalidade pode facerse a expensas de destinar poucos policías a barrios con pouco crime. Tal movemento pode ser dun beneficio engadido para a sociedade pero en detrimento dalgúns barrios. Os estatísticos non están, sen embargo, en condicións de

previr accións baseadas nos datos estatísticos. Dende logo, gardarse do emprego dos seus descubrimentos sería menospreza-lo mesmo propósito de moito do estudio estatístico.

1.2 Ampliando o campo de acción da estatística

Os estatísticos deberían usa-las posibilidades abertas a eles para estende-lo campo de acción da investigación estatística, e para comunica-los seus descubrimentos para o beneficio da comunidade máis numerosa posible.

Os estatísticos desenvolven e usan conceptos e técnicas para a recollida, a análise e a interpretación dos datos. Aínda que non están sempre en condicións de determina-lo ámbito do seu traballo ou o xeito no que os seus datos son utilizados e difundidos, frecuentemente son quen de influír neses aspectos. Máis aínda, están en condicións de concebir usos máis eficientes dos recursos por medio de, por exemplo, desenvolver técnicas de mostraxe ou introducir novos usos para datos existentes (véxase cláusula 4.3c).

Os estatísticos académicos gozan probablemente do maior grao de autonomía na aplicación do seu traballo e na difusión dos seus resultados. Mesmo así, dependen xeralmente das decisións dos financiadores por unha banda e dos editores de revistas pola outra para a dirección e publicación dos seus estudos.

Os estatísticos empregados no sector público e aqueles empregados no comercio e a industria tenden a ter aínda menos autonomía no que fan ou en como son utilizados os seus datos. Pode que se apliquen as regras do segredo; pode que se exerza presión para reter ou demora-la publicación dos descubrimentos (ou de certos descubrimentos); series estatísticas poden ser introducidas ou suspendidas por razóns que pouco teñen que ver con consideracións técnicas. Nestes casos a última autoridade nas decisións sobre un estudio pode recaer no empresario ou cliente. (Véxase cláusula 2.3).

A experiencia profesional en moitos países suxire que os estatísticos son máis propensos a evitar restriccións postas no seu traballo cando poden estipular con anticipación os aspectos que deben manter controlados. Os estatísticos do goberno poden, por exemplo, acadar acordo para anunciar datas de publicación para varias series estatísticas, creando así a obriga de publica-los datos nas datas debidas sen coidado de factores políticos intervintes. Similarmente, os estatísticos

poden especificar nos contratos comerciais que o control sobre, polo menos, algúns dos descubrimentos (ou detalles dos métodos) recaerá nas súas mans que non nos seus clientes. Os maiores problemas semellan acontecer cando tales asuntos fican non resoltos ata que os datos aparecen.

1.3 Procurando obxectividade

Mentres os estatísticos operan a través dos sistemas de valores das súas sociedades, deberían intentar soste-la súa integridade profesional sen temor nin concesións. Deberían tamén non comprometerse nin estar de conivencia en seleccionar métodos deseñados para producir resultados enganosos ou en representar mal os descubrimentos estatísticos por comisión ou por omisión.

A ciencia nunca pode ser totalmente obxectiva, e a estatística non é unha excepción. A selección dos temas de atención pode reflectir un sesgo sistemático a favor de certos valores culturais ou persoais. Amais diso, a base do emprego do estatístico, a fonte de financiamento e unha lista doutros factores poden impoñer certas prioridades, obrigas e prohibicións. Mesmo así, o estatístico nunca é libre da responsabilidade de procurar obxectividade e de ser claro sobre coñecidas barreiras na súa consecución. Particularmente, os estatísticos están chamados por obriga profesional a rexeitar aproximacións á recollida de datos, análise, interpretación e publicación que sexan propensas (explícita ou implicitamente) a malinformar ou a confundir máis ca a promove-lo coñecemento.

Bibliografía: Obrigas coa sociedade

Moitos libros ou simposios sobre ética profesional conteñen discusións sobre o amplo contexto no que se leva adiante a investigación social, pero na maioría dos casos estas discusións están espalladas a través de todo o texto. Beauchamp et al. (1982) contén, na parte 2, unha explícita discusión xeral sobre como e cando a práctica da investigación social pode ou non estar xustificada. As obrigas legais e formais do investigador social son analizadas, no contexto estadounidense, en Beauchamp et al. (1982), parte 5. Pool (1979 e 1980) defende o non impoñer ningún control formal. Douglas (1979) fai o mesmo,

máis vigorosamente. Wax & Cassel (1981) discute a relación entre restricción formal e os propios conxuntos de valores do científico social. Frankel (1976) refírese máis especificamente a estatísticos.

1.1 Considerando intereses en conflito

BAAS (1974) discute estes conflitos nun contexto inglés, pero dalgún xeito anticuado agora. Baumring (1972) contrasta o interese dos científicos e as materias de investigación, favorecendo ás últimas. Ackeroyd (1984), sección 6.3, trata dos conflitos de intereses no estudio etnográfico. Musham (1985) discute o conflito entre o dereito á privacidade e o dereito a coñecer.

A utilidade da información estatística é raramente posta en dúbida e a maior parte da literatura relevante refírese meramente ás formas e medios de aumenta-la súa utilidade. Na centésima sesión do ISI adicouse unha reunión a este tema con especial referencia ós países en desenvolvemento (véxase: Chakravarty, (1985); Nyitrai, (1985); Williams, (1985)).

1.2 Ampliando o campo de acción da estatística

Diener & Crandall (1978), capítulo 13, discute este asunto con referencia á investigación psicolóxica. Crispo (1975) presenta unha discusión de responsabilidade pública dende o punto de vista canadense. Johnson (1982) trata dos riscos que surxen ó publica-los descubrimentos da investigación. Jahoda (1981) amosa vivamente as consideracións éticas e sociais que limitan o camiño da investigación e a publicación dos resultados.

1.3 Procurando obxectividade

Stocking e Dunwoody (1982) subliñan algunhas das presións en contra da protección dos criterios obxectivos exercidas polos medios de masas. En termos máis xerais, Klaw (1970) suxire que eses criterios nunca poden ficar sen eivas.

2 Obrigas cos financiadores e empresarios

2.1 Aclarando obrigas e roles

Os estatísticos deberían aclarar previamente as obrigas respectivas do empre-

sario ou financiador e do estatístico; deberían, por exemplo, referir ó empresario ou financiador ás partes relevantes dun código profesional ó cal deben cinguirse. Os informes dos descubrimentos deberían (onde sexa axeitado) especifica-lo seu rol.

2.2 *Valorando imparcialmente as alternativas*

Os estatísticos deberían considerar os métodos e procedementos dispoñibles para emcamiñar un estudo proposto e deberían prove-lo financiador ou empresario dun consello imparcial sobre as respectivas vantaxes ou desvantaxes das alternativas.

2.3 *Non comprometendo resultados*

Os estatísticos non deberían aceptar condicións contractuais continxentes cun resultado particular do estudo estatístico proposto.

2.4 *Protexendo a información privilexiada*

Frecuentemente os estatísticos son equipados con información polo financiador ou empresario quen pode lexitimamente requirir que fiquen confidenciais. Os métodos e procedementos estatísticos que foran empregados para produci-los datos publicados non deberían, pola contra, seren mantidos en secreto.

Un tema esencial agochado en cada un dos principios anteriores é a existencia dun interese común entre o financiador ou empresario e o estatístico mentres o propósito do estudo estatístico sexa aumenta-lo coñecemento (véxase cláusula 1.3). Aínda que tal coñecemento pode ser buscado para o limitado proveito do financiador ou empresario, esa causa mesmo é mellor servida se a investigación se leva nunha atmosfera propicia a modelos altamente profesionais. Polo tanto a relación entre financiador ou empresario e estatístico debería ser tal que capacitara ó estudo estatístico para ser emprendido do xeito máis obxectivo posible (véxase cláusula 1.3) máis co propósito de proporcionar informacións e explicacións ca de servir de apoio.

O estatístico ou asesor independente semella

gozar de máis liberdade có estatístico empregado para insistir na aplicación de certos principios profesionais. No seu caso, cada relación cun financiador pode estar suxeita a contrato específico no que se poidan especificar por adiantado roles e obrigas (véxase Deming 1972). En troques, no caso do empregado, o seu contrato non é específico dun proxecto e xeralmente abrangue unha obriga explícita ou implícita de aceptar instrucións do que o emprega. O empregado estatístico no sector público pode estar ademais restrinxido por regulamentos estatutarios cubrindo materias tales coma enquisas obrigatorias e segredos oficiais. (Véxase cláusula 4.4).

En realidade, de calquera xeito, a distinción entre o estatístico independente e o empregado estatístico está embazada por outras consideracións. O bo xuízo do estatístico independente en insistir en certas condicións é con frecuencia recortado por restricións de financiamento e pola inseguridade da posición do asesor. Estes problemas afectan menos ó empregado estatístico, con base xeralmente máis segura e posición menos aillada. O empregado (particularmente o estatístico do goberno) é a miúdo parte dunha comunidade de estatísticos que están nunha forte posición de establecer convenios e procederes que conleven os seus obxectivos profesionais comodamente. (Véxase cláusula 1.2).

As relacións con financiadores ou empresarios supoñen responsabilidades mutuas. O financiador ou empresario ten dereito a agardar dos estatísticos unha orde da súa disciplina, sinceridade en relación coas limitacións da súa competencia e os seus datos (véxase cláusula 3.1), franqueza sobre a accesibilidade de achegamentos efectivos e menos custosos a un estudo proposto, discreción coa información confidencial. Os estatísticos teñen dereito a esperar do financiador ou do empresario respecto polo seu dominio exclusivo técnico e profesional e pola integridade dos datos. Estas obrigas poidan ou non poidan ser incluídas nos contratos ou especificacións escritas, fican coma precondicións dunha relación mutuamente beneficiosa.

Un conflito de obrigas pode acontecer cando o financiador dunha enquisa desexa asegurar por adiantado (digamos, nun contrato) que se acadarán certos resultados, como descubrimentos particulares ou un mínimo nivel de respostas en enquisas voluntarias. Aceptando tal contrato o estatístico estaría comprometendo os resultados da investigación ó ter dado garantía implícita no nome de suxeitos potenciais da súa propensión a participar ou da dirección da súa resposta. Para satisfacer esas garantías, o estatístico pode entón

ter que comprometer outros principios, coma o do consentimento informado (véxase cláusula 4.2).

Por riba de todo, os estatísticos deberían intentar asegurar que financiadores e empresarios comprenderan as obrigas que os estatísticos teñen non só con eles, senón coa sociedade enteira, cos suxeitos, cos colaboradores e das responsabilidades da cidadanía do estatístico profesional por exemplo, é ser aberto nos métodos de xeito que a comunidade estatística ó completo poida valorar e beneficiarse da súa aplicación. Daquela, na medida en que sexa practicable, as compoñentes metodolóxicas das investigacións deberían estar ceibes de restricción por confidencialidade, de tal modo que poidan formar parte da común propiedade intelectual da profesión. (Véxase cláusula 3.2).

Bibliografía: obrigas cos financiadores e empresarios

2.1 Aclarando obrigas e roles

Appell (1978), sección 8, presenta exemplos dos estudos etnográficos.

Deming (1965 e 1972) especifica os roles do asesor estatístico e o seu cliente.

2.2 Valorando imparcialmente as alternativas

Moitos artigos xornalísticos e capítulos de libros discuten o tema en termos xerais. Schuler (1982), capítulo 3, trata as dificultades atopadas na investigación psicolóxica. Webb et al. (1966) é a fonte popular para procedementos alternativos de enquisa.

2.3 Non comprometendo resultados

Barnett (1983) discute este punto, con referencia ó seu propio contexto local.

2.4 Protexendo a información privilexiada

SCPR "Working Party" (1974) é unha discusión xeral da privacidade nun contexto británico, agora anticuado dalgún xeito. Simmel (1908: 337-402) & (1952: 305-376) é a análise sociolóxica clásica de restriccións no fluxo da información. Shils (1967) estende o traballo de Simmel a

condicións máis recentes; Tefft (1980) ofrece estudos de casos exóticos das percepcións da privacidade e o segredo. Flaherty (1979) discute as cuestións formuladas pola monopolización dos datos polos gobernos, mentres Bulmer (1979) mira máis polo xeral ós datos obtidos en censos e enquisas grandes. Carroll e Kneer (1976) dende o punto de vista das ciencias políticas en América, observa a presión oficial ós científicos para revela-las fontes de información. Appell (1979) sección 3 dá un feixe de dilemas surxindo de varios tipos de presión oficial. Bok (1982) prescribe normas para o ocultamento e a revelación.

3 Obrigas cos colegas

3.1 Mantendo a confianza na estatística

Os estatísticos dependen da confianza do público. Deberían intentar promover e preservar no seu traballo esa confianza sen esaxera-la precisión ou poder explicativo dos seus datos.

3.2 Expoñendo e revisando métodos e descubrimentos

Dentro dos límites dos requisitos para confidencialidade, os estatísticos deberán prover de información adecuada ós compañeiros para permiti-la avaliación dos seus métodos, procedementos, técnicas e descubrimentos. Tales valoracións deberían dirixirse ós mesmos métodos máis ca ós individuos que os seleccionaran ou usaran.

3.3 Comunicando principios éticos

Para dirixir certas investigacións os estatísticos precisan colaborar con colegas doutras disciplinas, así como con entrevistadores, persoal de oficina, estudantes, etc. Nestes casos os estatísticos deberían poñer claros os seus propios principios éticos e tomar nota dos principios éticos dos seus colaboradores.

Cada un deses principios deriva da noción de que os estatísticos acadan a súa condición e certos privilexios de acceso ós datos non só en virtu-

de da súa situación persoal senón tamén en virtude da súa cidadanía profesional. Ó recoñecerse membros dunha comunidade estatística maior os estatísticos deben varias obrigas a esa comunidade e poden esperar consideración dela.

A reputación dos estatísticos inevitablemente dependerá menos do que afirmen os corpos profesionais de estatísticos sobre das súas normas éticas ca da verdadeira conducta dos estatísticos individualmente. Ó examina-los métodos, procedementos, contidos e informes das súas investigacións, os estatísticos deberían daquela tratar de asegurarse de que deixan un campo de investigación nun estado que permita ulterior acceso polos estatísticos nun futuro. (Véxase cláusula 4.1).

Os estudos estatísticos son con frecuencia esforzos de colaboración entre colegas de niveis distintos de experiencia e de diferentes disciplinas. As reputacións e profesións de tódolos colaboradores necesitan terse en conta. O estatístico debería tamén intentar asegurar que se conduzan as investigacións estatísticas nun marco ético acordado, quizais incorporando principios ou consensos doutras disciplinas, e que o rol de cada colaborador estea suficientemente definido. A Declaración da Asociación Médica Mundial de Helsinki (1975), por exemplo, dá excelente consello ós estatísticos traballando no campo da medicina.

Un principio de todo traballo científico é que debe estar aberto a escrutinio, valoración e posible validación por compañeiros científicos. Debérase brindar particular atención a este principio cando se usaran para a análise paquetes de programas informáticos danto tantos pormenores como fora posible. Calquera vantaxe advertida ó omitir detalles das técnicas ou descubrimentos, digamos por razóns competitivas, necesita ser ponderada fronte ó potencial prexuízo de tal acción ó aumento do coñecemento estatístico.

Unha das máis importantes pero dificultosas responsabilidades do estatístico é a de alertar ós potenciais usuarios dos seus datos dos límites da súa fiabilidade e aplicabilidade. Os perigos paralelos de esaxerar ou de subestimar a validez ou xeneralizabilidade dos datos case sempre están presentes. Non poden trazarse directrices xerais excepto unha recomendación de prudencia. A confianza nos descubrimentos estatísticos depende críticamente da súa representación fiel. As tentativas dos estatísticos de encubrir erros (véxase Ryten, 1981), ou incitar á sobreinterpretación, pode non só repercutir nos estatísticos involucrados senón tamén no creto dos estatísticos en xeral. (Véxase cláusula 1.1.).

Bibliografía: obrigas cos colegas

3.1 Mantendo a confianza na estatística

Reynolds (1975): 598-604 discute conflitos entre, por unha banda, obrigas de mante-la ciencia obxectiva e imparcial, e por outra, valores tidos como cidadáns tratando de cambia-lo mundo.

Os problemas implicados en presenta-las limitacións da precisión dos datos estatísticos é discutida polo miúdo por Gonzales et. al. (1975). Unha postura de máis controversia en relación cos erros é expresada por Ryten (1981).

3.2 Expoñendo e revisando métodos e descubrimentos

Diener & Crandall (1978), capítulo 9, discute a necesidade de honradez e precisión. Powell (1983) subliña os conflitos que surxen cando un académico é merecente da censura dos colegas pola causa da súa conducta profesional incorrecta.

3.3 Comunicando principios éticos

Appell (1978) trata de como alertar ós etnógrafos dos problemas éticos.

4 Obrigas cos suxeitos*

4.1 Evitando intrusionas indebidas

Os estatísticos deberían estar avisados do potencial intrusivo dalgún do seu traballo. Non teñen especial dereito a estudar tódolos fenómenos. O aumento do coñecemento e a procura de información non son de seu xustificacións abundas para pasar por riba doutros valores sociais e culturais.

Algúns xeitos de investigación estatística semellan ser máis intrusivos ca outros. Poñamos

* Esta sección da Declaración refírese ós suxeitos humanos, incluíndo individuos, familias e entidades coporativas. Para un conxunto de pautas sobre experimentación con animais, por exemplo, véxase a Academia Suíza das Ciencias (1983).

por caso, as mostras estatísticas poden ser seleccionadas sen o coñecemento nin o consentimento dos seus membros; pode buscarse contacto con suxeitos non avisados previamente; pode que se fagan preguntas que ofendan ou causen anguria; poida que se asexe á xente sen o seu coñecemento; pódese obter información por terceiros. En esencia, a xente pode ser molestada ou agravada polas enquisas estatísticas dunha variedade de maneiras, moitas das cales son difíciles de eludir. (Véxase tamén cláusula 1.3).

Un xeito de evitar molestias ós potenciais suxeitos é facer máis uso dos datos disponibles en troques de emprender unha nova enquisa. Por exemplo, facendo maior uso estatístico dos rexistros administrativos, ou relacionando rexistros, pode elaborarse información sobre a sociedade que doutro modo tería que ser recollida de novo. Aínda que algúns individuos poden ter reparos en que os seus datos sexan empregados para un propósito distinto do proxectado, non deberían verse prexudicados por tales usos sempre que sexan protexidas as súas identidades e que os propósitos sexan estatísticos, non administrativos.

Como argumenta Cassell (1982), a xente pode sentirse danada sen estar prexudicada pola investigación: poden sentir que fora tratada coma obxectos ou números sen respecto polos seus valores individuais nin pola súa intimidade. En moitos dos estudos estatísticos que causaron controversia, a cuestión tivo que ver bastante máis coa intrusión na intimidade e o terreo persoal dos suxeitos ou co abafamento dos mesmos ó recoller “demasiada” información, con ou sen o prexuízo dos suxeitos. Expoñendo os suxeitos a unha sensación de seren danados, quizais polo método de selección, ou facéndolles tomar conciencia do que non buscan nin queren, os estatísticos son vulnerables á crítica. (Véxase tamén cláusulas 3.1, 4.3c, 4.5 e 4.6).

4.2 Obtendo consentimento informado

Os estudos estatísticos que conlevan a participación activa dos suxeitos humanos deberían basearse no posible no seu consentimento libre e informado. Mesmo se se require por lei a participación debería con todo ser tan informada como se puidera. En enquisas voluntarias, os suxeitos non terían que te-la impresión de que son requiridos para participar; deberían estar ó tanto do seu dereito a abandonar en calquera fase por calquera razón e a retira-los datos

proporcionados ata entón. Non debera reterse deliberadamente a información que fora propensa a afecta-la vontade de participar dun suxeito.

O principio do consentimento informado por parte dos suxeitos é necesariamente impreciso, xa que para a súa interpretación depende de supostos non declarados sobre a cantidade de información e a natureza do consentimento requirido para constituír unha práctica aceptable. A cantidade de información precisada para asegurar que o suxeito é informado axeitadamente do propósito e índole dunha enquisa é propensa a variar dun estudio a outro. Non poden elaborarse regras universais. Nun extremo é desaxeitado asolagar a potenciais suxeitos en detalles non pedidos e incomprendibles da orixe e do contido dunha enquisa estatística. No outro extremo é desaxeitado calar feitos materiais ou enganar ós suxeitos sobre tales asuntos. (Véxanse cláusulas 4.3d e 4.4). O requisito de información apropiada claramente se atopa entre estas dúas posicións pero a súa localización da información subministrada é tan importante coma a cantidade.

Un consello tense que dar sobre cales elementos da información son tendentes a resultar fundamentais na vontade de participar dun suxeito. Os seguintes elementos están entre aqueles dos que se podería face-la selección:

- (i) propósito do estudio, implicación política, etc.;
- (ii) identidade do/s financiador/es;
- (iii) usos previstos dos datos, formato de publicación, etc.;
- (iv) identidade do entrevistador/experimentador e base organizativa;
- (v) método polo cal fora escollido o suxeito (estructura da mostraxe, etc.);
- (vi) rol do suxeito en estudio;
- (vii) posible dano ou incomodidade ó suxeito;
- (viii) grao de anonimato e confidencialidade;
- (ix) medidas propostas de almacenaxe dos datos, grao de seguridade, etc.;
- (x) metodoloxía do estudio (tempo ocupado por participante, etc.);
- (xi) se a participación é voluntaria ou obrigatoria
 - (a) se é obrigatoria, consecuencias potenciais da non colaboración
 - (b) se é voluntaria, dereito a retira-lo consentimento (e cando ese dereito desaparece);
- (xii) se os feitos fundamentais foron ocultos (e cando ou se tales feitos serán revelados).

Ó seleccionar desta lista, o estatístico debería considerar non só aqueles elementos que considera fundamentais, senón aqueles tales que o suxei-

to tenda a tal considerar. cada parte ben pode ter intereses especiais (e diferentes). Como xeito de completa-la información seleccionada, o estatístico pode escoller dar ós potenciais suxeitos unha declaración dos seus dereitos (véxase Jowell, 1981) que os informe do seu dereito á información pero deixe ó control do suxeito a selección de detalles engadidos.

Dado que a especificación da axeitada información varía, tamén o fai a especificación de consentimento informado. A participación dun suxeito nun estudio pode basearse máis no asentimento reticente ca na cooperación afervorada. Nalgúns casos, o estatístico pode sentir que é correcto suscitar un sentido do deber de participar para minimiza-lo sesgo de ser voluntario. A fronteira entre a persuasión táctica e a coacción é moi estreita ás veces e probablemente é máis fácil recoñecerla ca estipulala. En calquera caso a afirmación xenérica máis específica que pode facerse sobre consentimento “adequado” é que non chega á coerción nin á participación completa.

En ocasións, un elemento controlador impide o acceso ós suxeitos de tal xeito que os estatísticos non poden achegarse a eles directamente para a súa participación sen o permiso do elemento controlador. Ó tempo que os estatísticos respectan os intereses lexítimos do elemento controlador deberían aínda cingirse ó principio de obter directamente dos suxeitos consentimento informado unha vez que acadaran o acceso a eles. Nestes casos os estatísticos non deberían delega-la súa responsabilidade de protexe-los intereses do suxeito no elemento controlador. Deberían tamén ter tino de non alterar por descoido a relación entre o suxeito e o elemento controlador.

O principio do consentimento informado é, en esencia unha expresión da crenza na necesidade de francos e respectuosos intercambios entre estatísticos e suxeitos humanos. Claramente non é unha condición previa da investigación estatística. Nembargante, o carácter aceptable das estatísticas depende cada vez máis non só de consideracións técnicas senón tamén da vontade dos estatísticos de outorgaren respecto ós seus suxeitos e de tratarnos con consideración (véxase cláusula 4.1). Os estatísticos deberían intentar garantir que os suxeitos comprendan o propósito do estudio estatístico mesmo cando a participación do suxeito sexa requirida pola lei.

4.3 *Modificacións do consentimento informado*

En ocasións, as consideracións técnicas ou prácticas impiden acada-lo consenti-

mento informado a priori. Nestes casos, os intereses dos suxeitos deberían ser salvagardados doutros xeitos. Por exemplo:

(a) **“Respectando dereitos nos estudos de observación”.** Nos estudos de observación, onde os modelos de comportamento son rexistrados sen o coñecemento dos suxeitos, os estatísticos deberían ter coidado de non viola-lo, poida que ben chamado, “terreo privado” dun individuo ou dun grupo. Este variará dunha cultura a outra.

